



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLE/2019/17	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	20 de decembro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 20:02 ata as 22:30 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario accidental</b>	JOSE CARLOS VILARIÑO MEIRA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	SÍ
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	SÍ
***9424**	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	NON
***3896**	IRIA VILLAR RODAL	SÍ
***8548**	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
***1907**	LAURA VERDE CURRA	NON
***0756**	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
***3512**	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ





Concello de Cangas

***1129**	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
***3449**	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
***1859**	RAFAEL JIMÉNEZ FERNÁNDEZ	NON
***3514**	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
***3439**	ROSA MARY DE LA CAMPA PORTELA	SÍ
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***3926**	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
***3661**	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### Expediente 6350/2019. Toma de posesión de concelleira do grupo municipal de ACE

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a credencial presentada pola Xunta Electoral Central en data 3 de decembro de 2019, pola que se designa como concelleira do Concello de Cangas a D<sup>a</sup> María Aurora Prieto Gago.

Considerando que, en data 11 de decembro de 2019, presentou a declaración de bens patrimoniais e de causas de posibles incompatibilidades e actividades que poidan proporcionar ingresos económicos, para os efectos da súa inscrición no correspondente rexistro de intereses, tal como está previsto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, procédese por D<sup>a</sup> María Aurora Prieto Gago a prestar xuramento ou promesa segundo a fórmula establecida no Real decreto 707/1979, de 1 de abril, polo que se determina a fórmula de xuramento ou promesa para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas.

Acto seguido, e tras considerar que se cumpriron os requisitos legalmente previstos para a adquisición da condición de Concelleira, o Pleno dá posesión a D<sup>a</sup> María Aurora Prieto Gago do seu cargo.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: ASRKHYSSEYRZHSK4ZLNM4F | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 24



**Expediente 5563/2018. Proposta da alcaldía de desestimación de recurso de reposición UTE Gestión Cangas**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Dase conta da proposta da alcaldía de data 05.12.2019, referente á desestimación do recurso de reposición da 'UTE Gestión Cangas', que é como segue:

*"PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*Visto o recurso de reposición interposto en data 2 de decembro de 2019 por D. D.S.F., con DNI n° \*\*\*0643\*\*, actuando en nome e representación de 'FCC AQUALIA SA E CIVIS GLOBAL SL UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DO 26 DE MAIO', abreviadamente 'UTE GESTIÓN CANGAS', contra o acordo plenario de data 15 de novembro de 2019 no que realiza as seguintes alegacións:*

*'PRIMERA.- OMISIÓN DE LA NOTIFICACIÓN DEL INFORME DEL CONSELLO CONSULTIVO A LA CONCESIONARIA.*

*(...) En el acuerdo plenario notificado a esta parte no se adjunta el informe del Consello Consultivo de Galicia preceptivo para la adopción de la decisión del Ayuntamiento que ahora se recurre. Si bien es cierto que en el acuerdo se transcriben las cláusulas 11 y 12 del citado informe, esta parte desconoce la integridad del contenido del dictamen, lo que le produce una clara situación de indefensión.*

*En consecuencia con lo expuesto, se solicita al Ayuntamiento de Cangas que remita a la 'UTE GESTIÓN CANGAS', el informe del Consello Consultivo que ha dado lugar al acuerdo de 15 de Noviembre de 2019, en el que se acuerda declarar la nulidad de la cuota fija de saneamiento establecida en 5,1044 €/bimestre en la cláusula 6 del contrato formalizado entre las partes el 24 de octubre de 2014'.*

*'SEGUNDA.- LA OMISIÓN DE LA DETERMINACIÓN DE LA CUOTA FIJA DE SANEAMIENTO*

*El acuerdo Plenario objeto de recurso, se limita a declarar la nulidad de la cuota fija de saneamiento recogida en la cláusula 6ª del contrato del ciclo integral del agua, sin determinar cuál es el importe de la referida cuota aplicable en sustitución de la que ha sido anulada.*

*Por su parte, el informe del Consello Consultivo de Galicia según el extracto que se incluye en el acuerdo Plenario, propone dos alternativas para restablecer la legalidad una vez declarada la nulidad de la cuota fija de saneamiento:*

*La firma de un nuevo documento de formalización en el que se incluya la 'correcta' cuota fija de saneamiento.*

*La aplicación de la cuota fija de saneamiento que se recoge en los pliegos sin necesidad de la formalización de un nuevo contrato, en virtud de lo establecido en el artículo 115.3 del TRLCSP, en el que se establece que los contratos se ajustarán al contenido de los pliegos particulares, cuyas cláusulas se consideran parte integrante de estos.*





*Del contenido del acuerdo plenario objeto de recurso, se deduce que la opción elegida por el Ayuntamiento de Cangas es la de declarar la nulidad de la cuota fija de saneamiento establecida en la cláusula sexta del contrato sin la necesidad de firmar un nuevo documento contractual, con el objeto de que se aplique la cuota contenida en los pliegos.*

*Sin embargo, esta opción es de difícil cumplimiento para las partes, porque como ya se ha expuesto por la concesionaria en los diversos escritos de alegaciones presentados en este procedimiento, en el anteproyecto de explotación que acompaña al pliego, no se determina con claridad cuál es la cuota fija de saneamiento, que en unos sitios se cuantifica como 3,5 €/bimestre (págs. 7 apéndice 6 y página 60 de la memoria capítulo 10), en otros como 4,5 €/bimestre (pág. 12 apéndice 6) y en otros como 5,13 €/bimestre (pág. 6 apéndice 6).*

*En definitiva el Ayuntamiento de Cangas de Morrazo, después de declarar la nulidad de la cuota fija de saneamiento recogida en la cláusula 6ª del contrato y ante la falta de claridad de la documentación que dio lugar a la licitación, debería de determinar cuál es la cuota fija de saneamiento del contrato cuya nulidad se ha aprobado en acuerdo Plenario de 15 de Noviembre de 2019´.*

**TERCERA.- VULNERACIÓN DEL ARTÍCULO 84 DE LA LEY 39/2015 DE PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DE LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS.**

*La decisión adoptada por el Ayuntamiento de Cangas en el acuerdo Plenario objeto del presente recurso, incumple lo establecido en el artículo 88 de la Ley 39/2015 de procedimiento administrativo Común de las Administraciones Públicas.*

*En el punto 1 de este artículo se establece:*

*‘La resolución que ponga fin al procedimiento decidirá todas las cuestiones planteadas por los interesados y aquellas que derivan del mismo´.*

*Una de las cuestiones debatidas en el presente procedimiento es la determinación de la que a juicio del Ayuntamiento es la “correcta” cuota fija de saneamiento. Podría afirmarse que la confusión creada sobre este punto es la que ha originado la incoación del procedimiento de nulidad del documento formalizador del contrato del ciclo integral del agua, por lo que al ser esta una de las cuestiones planteadas en el presente procedimiento, el Ayuntamiento debe de proceder a resolverla y determinar cuál es la cuota fija de saneamiento aplicable al contrato de referencia.*

*La omisión de la resolución de una de las cuestiones esenciales, produce la anulabilidad del acuerdo en aplicación de lo establecido en el artículo 48 de la Ley 39/2015 de Procedimiento administrativo Común de las administraciones Públicas´.*

*Visto o informe do secretario do Concello de Cangas de data 5 de decembro de 2019, que sinala nos seus fundamentos xurídicos:*

*‘PRIMEIRO.- O acordo plenario foi notificado ao recurrente en data 18 de novembro de 2019, presentando recurso de reposición en data 2 de decembro de 2019, polo que o recurso se presenta en tempo e forma atendendo ao disposto no artigo 124 da Lei 39/2015. A presentación deste non suspende a executividade do acordo adoptado.*





*SEGUNDO.- No tocante á alegación primeira cómpre sinalar que o recorrente suscita unha posible indefensión por non remitirlle o texto íntegro do acordo do Consello Consultivo.*

*Para estes efectos cómpre sinalar que o artigo 106 da Lei 39/2015, non esixe remisión algunha do ditame do Consello Consultivo en canto que este constitúe un informe preceptivo e favorable inmediatamente previo á adopción do acordo de nulidade e garante dunha correcta tramitación procedemental realizada con anterioridade pola administración solicitante, no presente caso, o Concello de Cangas.*

*Sentando o anterior, e para os efectos de determinar a existencia de indefensión, temos que acudir á Lei 39/2015 que esixe no seu artigo 88.3 que a resolución que poña fin ao procedemento sexa motivada cando nos atopemos nalgún dos supostos recollidos no artigo 35, entre eles os procedementos de revisión de oficio. Neste sentido o acordo plenario de data 15 de novembro de 2019 recolle de xeito claro e conciso (transcrición dos puntos do ditame), nos que se fundamenta a decisión e resulta suficientemente motivada polo que cómpre desestimar a alegación presentada.*

*TERCEIRO.- No tocante á alegación segunda cómpre sinalar que nos atopamos ante un procedemento de nulidade e polo tanto non ante un procedemento declarativo. Esta distinción conceptual resulta fundamental para entender os termos do acordo, xa que o que procede é simplemente, declarar a nulidade dun acto cos efectos propios de dita declaración sen que sexa preciso aclaración ningunha a maiores, tal e como sinala o propio Consello Consultivo ao longo do seu ditame en diferentes ocasións, así:*

*‘E sendo así que o prego de cláusulas administrativas particulares (cláusula 35) se remite ás tarifas establecidas no anteproxecto de explotación, resulta que estas resultan incorporadas in aliunde ao texto do prego, de modo que é apreciable que por este instrumento se determinou a cota fixa de saneamento no importe de 3.5 euros, o que é contido propio do contrato na medida en que o artigo 115.3 do TRLCSP dispón que: ‘Os contratos axustaranse ao contido dos pregos particulares, cuxas cláusulas se consideran parte integrante deles’.*

*‘Establecido pois que o prego de cláusulas particulares do contrato dispoñía, por remisión ao anteproxecto de explotación, unha cota fixa de saneamento por importe de 3.5 €, e desbotada a posibilidade de revisar tal extremo no presente procedemento, procede determinar as consecuencias xurídicas a derivar’.*

*‘De modo que eliminada toda aparencia de legalidade da cláusula que establece a cota de saneamento fixa no documento de formalización, aplícanse sen condicionamentos as previsións dos pregos, que como vai dito, se remiten ao sinalado contido do anteproxecto de explotación’.*

*‘Declarada a nulidade da cláusula que contén a modificación de referencia, que debe ser considerada como non posta, nada impide xa, sequera no terreo da aparencia xurídica formal, a vixencia das previsións legais e contractuais que garanten a prevalenza do contido dos pregos’.*

*Á vista do exposto procede desestimar a alegación segunda presentada pola recorrente.*

*CUARTO.- Finalmente a recorrente alega que a resolución non atende a todas as cuestións suscitadas polo interesado, en tando que non resolve sobre a cota a aplicar, polo que estaríamos ante un acto anulable.*





*A alegación tampouco pode ser estimada toda vez que consta no expediente unha devolución inicial deste por parte do Consello Consultivo, en aplicación do artigo 88 da Lei 39/2015, alegado pola recorrente, a sensu contrario, o ditame favorable emitido polo Consello Consultivo desmonta a alegación presentada pola recorrente á vez que constitúe unha garantía para o administrado e a administración de correcta tramitación do expediente, sendo aplicable no tocante a cota ao xa sinalado no punto terceiro do presente informe´.*

*Á vista do exposto, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, propono ao Pleno a adopción do seguinte:*

#### ACORDO

*PRIMEIRO.- Desestimar na súa totalidade o recurso de reposición presentado en data 2 de decembro de 2019 por D. D.S.F. con DNI nº \*\*\*0643\*\*, actuando en nome e representación de 'FCC AQUALIA SA E CIVIS GLOBAL SL UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DO 26 DE MAIO', abreviadamente 'UTE GESTIÓN CANGAS', contra o acordo plenario de data 15 de novembro de 2019, polos motivos expostos no informe de secretaría de data 5 de decembro de 2019.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao recorrente cos recursos pertinentes".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 16 de decembro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

#### Intervencións:

**Sr. Hermelo Álvarez:** recordar que no Pleno anterior había un compromiso de aclarar con que valor se calculaba o novo balance económico, para facer o calculo sobre as tarifas, para actuar en base a ese novo valor. Faltan os informes para saber como se calcula iso. Apoiaremos a moción pero é necesario aclarar o valor co cal se vai facer o calculo para saber como van quedar as tarifas.

**Sr Abalo Costa:** Hai unha estratexia sistemática da empresa de tratar de confundir para non entrar no fondo do asunto. Presentan as súas alegacións co animo de que non progresa a ordenanza que aprobou o Concello e persista a ordenanza aprobada a finais do 2014 para obter uns ingresos a través dun contrato que agora se demostra que foi alterado. Nos recursos presentados acreditaron que había que cobrar máis do que realmente ofertaron cando se adjudicou o contrato. Agora co contrato facilitado polo Concello obteñen ao final dos 25 anos 3,5 millóns de euros de ingresos a máis por un contrato que é fraudulento, sen embargo o PP di que ingresan máis e a empresa di que menos, e agora reclaman máis cartos, cando se están aplicando tarifas que resultan inferiores ao que pon o contrato, polo tanto iso é un punto a aclarar. E con respecto á nulidade está acreditada polo Consello Consultivo, porque o contrato foi alterado. O PP, que pide solucións, non son capaces de explicar como é posible que si o Concello de Cangas rexeitou todos os recursos para que cobrasen máis, como despois á hora de asinar o contrato imponen o criterio de que había que aplicar a cota de saneamento que eles reclamaban que lles garantiza eses máis de 3 millóns de euros ao longo do contrato que é o equivalente ás inversións que teñen que facer. Polo tanto hai argumentos sobrados para indicar que o incumprimento do contrato é atribuíble a UTE Gestión Cangas. Tiña que poñer en marcha o terciario e investir 2 millóns de euros e non o fixo. A responsabilidade do servizo é deles. O PP atribúe ao Concello a situación actual desastrosa do servizo e da estafa que se pretende





consumar coas súas reclamacións económicas.

**Sr. Millán Blanco:** que a UTE cobra máis o di o BOP comprobando o que se cobraba antes e agora. ¿Cantas veces se cobrou a tarifa anulada do tipo fixo do saneamento? En 5 anos vostede non abriu un expediente sancionador por deficiencias na prestación do servizo. Administrativamente non se deu nin un so paso contra a concesionaria xa sexa por incumprimentos ou por deficiencias do servizo. A resolución que se trae hoxe nesta moción é un trámite administrativo. A nosa postura é que non imos entrar en votación.

**Sr Abalo Costa:** o PP non entra no fondo da cuestión. Sobre os padróns a UTE fai unha reclamación dunhas cantidades moi importantes. Vostedes non explican os contratos nin por qué se lle asinou por cantidades superiores ás acordadas no Pleno para adxudicar este servizo. Cando o Consello Consultivo di que é motivo de nulidade por qué se absteñen si teñen responsabilidade na sinatura dun documento nulo. Sobre iso tiñan que entrar no debate. Adxudicaron garantizando ingresos.

**Sr. Hermelo Álvarez:** deixa constancia da inasistencia da súa compañeira de grupo político que non puido acudir por motivos persoais.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

**A favor:** 12 (4 concelleiros/concelleiras de ACE, 3 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 concelleiros/concelleiras do BNG e 2 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

**Abstencións:** 6 (concelleiros/concelleiras do PP).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.

#### Expediente 7024/2019. Moción do grupo municipal do BNG s/emigración

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 12, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal do BNG de data 06.12.2019, referente á emigración, que é como segue:

#### *"MOCIÓN VÍA GALEGA-EMIGRACIÓN*

*O grupo municipal do BNG de Cangas, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.*

*A Plataforma Vía Galega está a presentar nos concellos galegos moción relativa ao drama da emigración con acordos para instar á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas así como instando ao compromiso dos gobernos municipais.*

*O grupo municipal do BNG de Cangas asume esta moción da plataforma 'Vía Galega', que achegamos e por iso, solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes:*





## ACORDOS

1.- *Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.*

2.- *Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.*

*Deben ser eixos destas políticas:*

- *A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.*
- *A creación de emprego digno e de calidade.*
- *O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.*

3.- *O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogadeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do BNG, emitido en data 16 de decembro de 2019, pola Comisión Informativa Única.

### Intervencións:

**Sra. Villar Rodal:** “este vaise i aquel vaise, e, todos, se van. Galicia sin homes quedas que te poidan traballar...” poema de Follas Novas, de Rosalía de Castro. 156 anos despois da publicación deste poema de Rosalía de Castro, este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. No período 2008-2017, 79.529 persoas abandonaron Galicia con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos, iso supón unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o eu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no noso país. A Plataforma Vía Galega e o BNG presentan esta moción para dirixirse ao Parlamento Galego.

**Sra. Vizoso Marcos:** pouco que engadir as palabras ditas. Incrible que desde un Pleno municipal teñamos que recordarlle aso políticos estas que deberían ser prioridades para impulsar políticas que aseguren postos de traballo aquí na Galicia e recuperar o traballo no rural e recuperar sectores estratéxicos e industriais que poderían favorecer que máis persoas se quedasen aquí traballando e se creen medidas para a conciliación. Estamos completamente de acordo coa moción.

**Sr. Fandiño Alberte:** non podemos deixar de defender que a emigración é unha lacra social, non podemos estar de espaldas a toda medida par evitar esta lacra e apoiaremos a moción.

**Sra. De La Campa:** somos conscientes do problema de emigración pero non é emerxencia







nacional. No informe que aporta o BNG danse outros datos sobre os que saíron pero non da os datos sobre os que entraron. Ofrece unha imaxe sesgada da realidade. Segundo os datos de saldo migratorio do IGE, o saldo para todo o período 2008-2017 é positivo en 45.000 persoas, o cal significa que Galicia recibiu máis persoas das que saíron, e, concretamente, na franxa entre 16 e 34 anos é positivo en 9.800 persoas, e no último ano o fluxo migratorio foi positivo en máis de 13.000 persoas. Sen sacarlle importancia a que haxa persoas que teñen que ir a outros países a traballar, entendemos que se trata dunha petición partidista e non imos apoiar.

**Sr. Alcalde:** lémbrolle que a moción é sobre emigración, non sobre inmigración. O drama é que sae xente altamente cualificada na que se invirtiu moito diñeiro público en formar e entra xente doutras características.

**Sra. Portas Mariño:** ACE imos votar a favor da moción. Deixou ben claro o sentido da moción. A emigración é de Galicia ao resto do país e non poden votar nas eleccións. Saen fóra de aquí. Temos un problema moi serio que son os profesionais da sanidade si se recuperasen non habería tantos problemas. Pedimos que a nosa xente poida traballar aquí.

**Sra. Villar Rodal:** os compañeiros xa o dixeron claramente, non se poden utilizar os datos de xeito interesado. Día tras día a xente moza marcha fóra de Galicia. A situación ven dada polas políticas regresivas que leva implantando o PP que non teñen conta os nosos sectores produtivos, non fan políticas de conciliación, que non favorecen que a xente poida vivir no rural. Hai unha desfeita nos sectores produtivos e no sector público. Ano tras ano os mozos marchan fora.

**Sra. De La Campa:** trátase de ofrecer unha visión global da realidade e non só dunha parte. Se falamos de emprego, do impulso dos sectores, podemos dicir que Galicia medrou no último ano na industria en ocupación. En canto á conciliación e igualdade, hai varios organismos que están traballando, polo que non se pode dicir que non se estean a facer cousas.

**Sra. Villar Rodal:** os plans están moi ben, pero non chega. Non se está vendo que na sociedade galega que o traballo no rural se incremente e na industria, para que o noso pobo teña traballo digno e de calidade e, aparte, poder conciliar a vida laboral e familiar en Galicia.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

**A favor:** 12 (4 concelleiros/concelleiras de ACE, 3 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 concelleiros/concelleiras do BNG e 2 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

**En contra:** 6 concelleiros/concelleiras do PP.

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal do BNG transcrita anteriormente.

#### Expediente 7097/2019. Moción do grupo municipal do BNG s/elevador do Centro de Saúde e eliminación de barreiras arquitectónicas

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal do BNG de data 11.12.2019, referente ao elevador do





Centro de Saúde e eliminación de barreiras arquitectónicas, que é como segue:

*"MOCIÓN PARA POSTA EN MARCHA DO ELEVADOR DO CENTRO DE SAÚDE DE CANGAS E ELIMINACIÓN BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS*

*O Grupo Municipal do BNG de Cangas, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.*

*Desde o ano 2015 e ao longo do mandato a anterior concelleira de mobilidade de Cangas do BNG mantivo un continuo contacto co Sergas para conseguir a posta en funcionamento do elevador que está instalado no Centro de Saúde de Cangas, para facilitar a accesibilidade ás persoas con mobilidade reducida dado as fortes pendentes nas rúas de acceso ao centro, así como estaba previsto continuar coa eliminación de barreiras nas beirarrúas que dan acceso ás entradas do centro de saúde.*

*A posta en marcha do elevador sito no soto do centro con acceso desde a rúa Gondomar, que nunca entrou en funcionamento desde a inauguración deste centro xa vai máis de 20 anos, debe cumprir cos requisitos estipulados polo Real decreto 88/2013: obriga de pasar unha inspección técnica por un organismo de control autorizado pola Xunta cada 2 anos. O seu custe non é significativo (+/- 3000€ de posta en marcha) e o servizo que proporcionaría sería importante dada a cantidade de persoas ás que lles custa moito acceder ao Centro de Saúde a pé.*

*Sen ter resposta dos responsables do Sergas ás solicitudes remitidas incluso solicitando permiso para que a posta en marcha fora realizada polo propio Concello de Cangas, deixando a cargo do Sergas o seu mantemento, insistimos na necesidade desta instalación e non é de recibo que o Sergas non de resposta e que este elevador siga sen prestar servizo desde que foi instalado.*

*Por isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes:*

**ACORDOS**

- 1 - Instar ao Sergas á posta en marcha inmediata do elevador do Centro de Saúde de Cangas.*
- 2 - Instar ao goberno local ao rebaixe das beirarrúas de acceso ao Centro de Saúde para facilitar a accesibilidade ás persoas con mobilidade reducida".*

Dase conta, así memo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do BNG, emitido en data 16 de decembro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

**Intervencións:**

**Sr. Alcalde:** di que hai unha emenda de substitución presentada polo PP. Da lectura á emenda.

**Sr. Sotelo Villar:** votaremos favorablemente, matizar a cuestión do elevador. Pode haber outras alternativas, xa plantexadas anteriormente. Acondicionar ou adecuar o acceso. O punto máis importante é non perder a ocasión histórica. Cederemos nos nosos posicionamentos sempre con argumentos técnicos que o xustifiquen, a menos dun ano das eleccións. Dixemos varias veces, creo que é imprescindible acadar un acordo.





**Sra. Rial Pardo:** rexeitamos a emenda, ese punto desvirtúa a moción. Estamos polo CAR e non polo CIS. O Centro de Saúde foi feito no ano 97, era algo inaccesible, pero hai anos fíxose un elevador, pero non é válido, ao final está pechado. Non se resolveu o problema de facilitar a accesibilidade ao Centro de Saúde. Pediuse un proxecto para adecuar o elevador, pero despois de tempo non se sabe de quen é a responsabilidade do elevador. Tras falar con varios cargos do Sergas e entregar un dossier todo segue igual, sen solución. A solución do elevador agora é a mellor, xa que está aí e tería pouco prezo. As beirarrúas do contorno son altísimas. Expón os puntos da moción.

**Sra. Vizoso Marcos:** indica que debería votarse o cambio na moción.

**Sr. Alcalde:** o Secretario informou que si o grupo proponente non acepta a emenda, xa non se vota.

**Sra. Vizoso Marcos:** estamos a favor da proposta. Debería mellorarse os accesos ao Centro de Saúde.

**Sr. Fandiño Alberte:** o Centro de Saúde ten carencias que deben ser melloradas. Manifesta o voto a favor.

**Sra. Portas Mariño:** é chistoso que o PP pida un elevador e pida un CIS para A Rúa, se queren cambiar o Centro de Saúde para A Rúa, para qué queremos o elevador despois. ACE votaremos a favor. Queremos que o Centro de Saúde siga alí e sexa accesible.

**Sr. Sotelo Villar:** votaremos a favor. Hai outras alternativas xa plantexadas anteriormente. Hai que reordenar os espazos na entrada do garaxe e poñer un ascensor. O elevador foi froito dunha petición feita á Deputación. E chegouse a un acordo para financialo. Deixou de funcionar e o mantemento, pero naquel momento foi o mellor. Sí funcionou durante algún tempo. Me parece unha ironía ir de excursión a Trujillo, a mirar un Centro de Saúde, que nada ten que ver con Cangas. Hai que adaptar as beirarrúas e puideron facelo durante os 4 anos que gobernaron. Hai que mellorar a accesibilidade.

**Sra. Rial Pardo:** se hai algo mellor, tardaría moito en facerse. Isto é algo concreto para agora e tería pouco custe. Os accesos están mellor pola avda de Galicia. O elevador hai que adaptalo á legalidade e sería unha solución agora.

**Sra. Portas Mariño:** imos votar a favor. Nesta corporación estaríamos encantados de ir a Santiago si o sr. da Xunta nos recibira.

**Sr. Sotelo Villar:** o problema dos ascensores son o mantemento, por iso se di o da reordenación do sitio no Centro de Saúde. Gástanse máis cartos noutras cousas de menor importancia. O PP sempre que puido, en determinadas cuestións de carácter que para nós é importante acadar o deseño do que pode ser a sanidade para as próximas décadas no noso concello, estamos dispostos a colaborar. Solicitamos unha reunión da xunta de portavoces e non se nos contestou á petición.

**Sr. Alcalde:** xa houbo reunións para tratar a localización tanto dun CAR como dun CIS. E podemos reunir tantas veces como fagan falta, con colectivos da sanidade ou cos portavoces. O caso é sacar adiante e cubrir as necesidade do pobo de Cangas.

VOTACIÓN E ACORDO:





O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción transcrita anteriormente.

**Expediente 7026/2019. Moción do grupo municipal do PP s/Proxecto global de saneamento**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9, En contra: 2, Abstencións: 7, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 09.12.2019, referente ao Proxecto global de saneamento, que é como segue:

*"José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP de Cangas, presenta para o seu debate e aprobación se procede no Pleno da Corporación, a seguinte MOCIÓN:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*En distintas ocasións o PP de Cangas alertou dos vertidos o mar que de forma continuada e como consecuencia do mal funcionamento dos bombeos e da EDAR se están producindo no noso Concello. A pesar das nosas denuncias e da existencia dun contrato cunha empresa concesionaria que explota o ciclo da auga e que tiña que investir 3,5 M de € nada se fixo nestes cinco últimos anos. Por non facer nin tan sequera un expediente sancionador, os que se iniciaron e nunha mostra máis da profunda preocupación polo asunto e magnífico traballo do goberno municipal caducaron. Nese contrato que supostamente sería rescindido para municipalizar o servizo, había un plan de investimentos cun cronograma que empezaba no verán do 2015 coa mellora dos bombeos máis próximos as praias por un importe de douscentos cincuenta e tres mil catrocentos dezaseis euros (253.416,00 €), e outro plan con outras actuacións por importe de setecentos vinte e oito mil euros (728.000,00 €). Nin de estos investimentos nin das actuacións na EDAR nada se fixo e as consecuencias están á vista: vertidos nos mesmos puntos que se repiten con catro gotas de choiva. O goberno municipal di sempre que a culpa é dos demais nunca do Concello, pero cada vez aparecen mais sancións polo que son vertidos sen control.*

*Lembrar que o PP de Cangas instou nunha moción de data sete de agosto do 2019 na que propoñíamos que o goberno municipal acadase un acordo coa concesionaria cun cronograma para levar a cabo o plan de investimentos que tiña que ser aprobado polo Pleno nun prazo de tres meses, ditos acordos foron rexeitados polos membros do goberno.*

*Agora pretenden vendernos, seguramente froito de acordos escuros con outras forzas políticas, un proxecto que parece que vai solucionar os vertidos do noso Concello: a renovación da estación de bombeo de Vilariño, cuestión ésta que desde o PP consideramos urxente e estamos dispostos a apoiar, pero desde o noso punto de vista o único que vai a facer é trasladar o problema de Vilariño ao bombeo seguinte que tamén está nun lamentable estado e que en distintas ocasións denunciámos vertidos ao regato (entendemos a preocupación da AA.W. de Liméns), e que ademais do caudal de Aldán e Vilariño e parte do Hío recibe o caudal que vén da outra parte do Hío, polo tanto o problema vai a ser maior. Por iso dicimos que ademais da renovación da estación de bombeo de Vilariño faise necesaria a inmediata actualización dos restantes bombeos e por suposto un proxecto que separe as augas pluviais das fecais. É un tema a tratar en conxunto coa mellora da EDAR.*





Por todo elo efectuamos as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO** :

1.- O Pleno da Corporación insta ao goberno municipal a efectuar un proxecto global de saneamento do noso Concello que teña en conta a renovación, mellora e posta a punto de todos os bombeos do noso Concello, estudando as posibilidades técnicas para eliminar o bombeo de Liméns e a EDAR de Donón.

2.- O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal a que ademáis do financiamento a que ten obriga por contrato a empresa concesionaria se busquen as achegas necesarias en colaboración con outras administracións (Xunta /Goberno Central/UE)".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 16 de decembro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

#### Intervencións:

**Sr. Millán Blanco:** buscar a luz a un problema que despois de moito tempo pode sir adiante. Advertimos dos verquidos ao mar como consecuencia do mal funcionamento da EDAR, tanto na Ría de Aldán como na de Vigo, nos bombeos. No contrato había unha cláusula que parece ser negativa para o sr. Abalo para que a empresa tiña que investir 3,5 millóns de euros para solucionar esa problemática. Nese contrato había un cronograma de inversións, que empezaba no ano 2015, para actuar tanto nos bombeos como na estación depuradora de Massó. Lembrar que o PP xa presentou unha moción para chegar a un acordo coa concesionaria para estas actuacións.. As actuacións eran urxentes hai 4 anos, agora falamos de situación límite. Describe os problemas de varios bombeos. Hai un proxecto do Concello para pagar polo concello, pero a financiación debe ser pola empresa concesionaria que está obrigada a realizar dita actuación. Pensamos que non hai que actuar nun só bombeo senón en varios. Resolver o da depuradora de Donón. Evitar verquidos. Lectura da moción.

**Sr. Alcalde:** vaise actuar no bombeo de Vilariño e noutros bombeos. Ao goberno preocúpalle a problemática do saneamento en xeral.

**Sr. Hermelo Álvarez:** primeiro, o PP difire do que defende en Pleno e di na moción. Utiliza terminoloxía coa que non estamos de acordo. O interés do PP nace dunha proposta de Avante que nos insistimos nese proxecto. Non sabemos dos cartos do proxecto. Falamos dun proxecto integral para o saneamento integral da Ría de Aldán. O interés da UTE son as obras do ciclo da auga. É necesario un estudo e arranxo da liña xeral e de bombeos, non parcheando e non sabemos o que se quere facer agora e dudamos do que a UTE quere facer en Vilariño. Nós plantexamos o que está no proxecto, o cambio de tanques e das bombas. Hai que arranxar e reducir e as emisións.

**Sra. Giráldez Santos:** non compartimos a exposición de motivos da moción. Estamos de acordo no plan de saneamento. Pedido para que o faga a Xunta, Augas de Galicia, a situación é gravísima dos bombeos. Apoiaremos a moción si se elimina a última frase do 1º punto.

**Sr. Fandiño Albarte:** somos conscientes das sancións que lle caen ao Concello por Augas de Galicia. Hai que actuar de forma xeral e global. Estamos de acordo en buscar unha solución xeral aos bombeos.

**Sr. Abalo Costa:** a cuestión está no punto de verse obrigado o Concello a actuar. Hai denuncia





de verquidos. No 2015 aprobouse o proxecto de arranxo de bombeos. Investir 2 millóns de euros. A empresa non o fixo nin puxo o sector 3º. Pedíronse informes sectoriais. Negociar un cronograma xa está no contrato, non se pode acusar ao Concello de non facer as obras. Si o proxecto global o vai facer Auga de Galicia non o ten que facer o Concello. Augas vai facer o investimento pero non recibe ao Alcalde.

**Sr. Millán Blanco:** non queremos que se pare a actuación en Vilariño. O proxecto ten certas trabas porque non conta con outras zonas. Sí fala dos bombeos. Vai a Alameda de Aldán que non entra dentro do proxecto. Si recortan o proxecto é peor. Hai que avanzar máis alá. O desastre do contrato non é que a empresa invista 3 millóns de euros. Falta o 1º expediente sancionador por incumprimento do contrato. So se fixo 2 intentos de expediente e caducaron. Non houbo resultados para que cumpriran. Obrigue á empresa a cumprir, tomen medidas efectivas.

**Sr. Fandiño Alberte:** despois de 2 lexislaturas. Hai un contrato en vigor, se o incumpren haberá que abrir expediente sancionador. O debate é sobre o problema de saneamento e deixar o cumprimento ou incumprimento do contrato. Sen buscar escusas, fago esta manifestación publica para traballar. Os veciños están cansos de que non se solventa o problema.

**Sr. Alcalde:** teño solicitada unha entrevista co presidente de Augas de Galicia. A escusa para non concedela foi o emisario submarino. Pagouse o canon para solucionar este problema.

**Sr. Hermelo Álvarez:** encargouse a unha empresa para solucionar o problema do saneamento que propuxo esas actuacións inmediatas. Hai un cambio con respecto á empresa e si se vai actuar, os cartos deberían estar porque houbo acordo plenario, a primeira obra estaba para iniciar.

**Sr. Alcalde:** hai que coidar a linguaxe e dos cartos hai que gastalos no exercicio. A execución é complexa e houbo que pedir informes sectoriais. Non se gastaron noutra cousa.

**Sra. Giráldez Santos:** a mocion non ten que ver co que debatemos. Neste caso falamos dos bombeos e a depuradora de Donón. É urxente facelo, é necesario un plan de saneamento global. Imos apoiar a moción. Hai que actuar canto antes.

**Sr. Abalo Costa:** houbo un conflito co ciclo da auga. Cando o adxudicaron, hai nulidade de contrato. Non houbo inacción. O Consello Consultivo dixo que faltaba informe de intervención. Os contratos están para cumprir.

**Sr. Millán Blanco:** centrados no acordo, é necesario reparar os bombeos con extrema urxencia. Dicar ao sr. Abalo que con ese discurso vólvese a liar, estamos no 2019 e propoñemos solución.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

**A favor:** 9 (6 concelleiros/concelleiras do PP e 3 concelleiros/concelleiras do BNG).

**En contra:** 2 concelleiros/concelleiras de AVANTE.

**Abstencións:** 7 (4 concelleiros/concelleiras de ACE e 3 concelleiros/concelleiras do PSOE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal do PP transcrita anteriormente.





## Expediente 7099/2019. Moción do PP s/prestación do servizo de intervención de armas

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 12, En contra: 2, Abstencións: 3, Ausentes: 1

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 12.12.2019, referente á prestación do servizo de intervención de armas, que é como segue:

*"José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP de Cangas, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación, a seguinte:*

### **MOCIÓN**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Dentro das funcións asinadas a Garda Civil, ademáis das de seguridade cidadá e orde público, figura a intervención de armas e explosivos, tanto no que se refire a licenzas e autorizacións, como probas para a obtención de licenzas e revista de armas, cartuchería e pirotecnia, plans de emerxencia en transporte de explosivos, etc...*

*A pesar dos distintos intentos de anular este servizo que para o Morrazo se prestaba ata fai ben pouco no Cuartel de Cangas, sempre se había conseguido previas xestións feitas perante dos responsables do citado corpo a través da Subdelegación de Goberno, que este servizo se seguira prestando desde hai moitos anos en Cangas, o que evitaba desprazamentos a Pontevedra coas armas e tamén para as comisións de festas resultaba moito mais doado efectuar os trámites sen necesidade de desprazarse. Segundo datos existen no Morrazo mais de 300 cazadores e celébranse cada ano mais de 30 festas que usan material de pirotecnia que precisan solicitar autorización para o seu uso e de que lle sexan aprobados os pertinentes plans de seguridade.*

*Mesmo na propia páxina da Garda Civil no referente a intervención de armas e explosivos, se di que están situadas a nivel comarcal e son o escalón mais próximo ao cidadá. Son onde, como norma xeral, se realizan os trámites administrativos para a tenencia legal de armas e o consumo de explosivos. En concreto fala de cometidos como: informes das solicitudes de licenzas e autorizacións de armas, control de establecementos relacionados con armas e explosivos, control de armas depositadas, control da revista de armas e control da vixencia das autorizacións e licenzas.*

*Despois de moitos anos, desde hai meses é preciso efectuar ditas xestións en Pontevedra. Por todo iso efectuamos a seguinte:*

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

*O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal a dirixirse á Subdelegación de Goberno para que efectúe os trámites pertinentes para que o servizo de intervención de armas para o Morrazo se volva a prestar no Cuartel de Cangas como historicamente se viña facendo".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 16 de decembro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:





**Sr. Millán Blanco:** expón que dentro das funcións da Garda Civil está a Intervención de armas e explosivos. No Morrazo hai máis de 300 cazadores e 30 festas que solicitan permiso, polas armas e polos fogos das festas, polo que presentan a moción.

**Sr. Alcalde:** fixéronse xestións na Subdelegación do Goberno e a contestación foi que se implantou un novo procedemento de xestión por criterios técnicos. Éstes son a necesidade de persoal, funcionalidade, carga de traballo, distancia curta ata Pontevedra, e cita previa establecida. Intentaremos xestionar este tema.

**Sr. Hermelo Álvarez:** a proposta require profunda reflexión e análise e estimamos que o camiño a seguir sería debater o uso das armas. Non imos votar a favor.

**Sra. Giráldez Santos:** compartimos o dito polo sr. Hermelo. A retirada de competencias ao cuartel, un corpo militar, é como si retiran o cuartel.

**Sr. Millán Blanco:** segundo esas palabras e con eses criterios poden situalo máis lonxe, o responsable é a Subdelegación do Goberno e hai que seguir insistindo.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

**A favor:** 12 (6 concelleiros/concelleiras do PP, 3 concelleiros/concelleiras de ACE e 3 concelleiros/concelleiras do PSOE).

**En contra:** 2 concelleiros/concelleiras de AVANTE.

**Abstencións:** 3 concelleiros/concelleiras do BNG.

**Non presente na votación:** 1 concelleiro de ACE (Sr. Abalo Costa).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integralmente a moción do grupo municipal do PP transcrita anteriormente.

#### Expediente 7100/2019. Moción do grupo municipal do PP s/ampliación do horario da biblioteca

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 12.12.2019, referente á ampliación do horario da biblioteca, que é como segue:

*"GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE CANGAS*

*M<sup>a</sup> Dolores Hermelo Piñeiro, como membro do grupo municipal do PP, presenta para o seu debate e aprobación, se procede polo Pleno da corporación, a seguinte:*

#### *MOCIÓN*

*Por terceira vez, este grupo municipal está obrigado a traer unha moción 'cabo de ano' neste caso a moción é: 'Ampliar o horario da biblioteca central', en concreto ésta é a terceira vez*







*que se trae como este tema, a primeira foi o 29 de xuño de 2016 e se pedía que se mantivese a biblioteca aberta no verán os sábados de mañá, e que sendo conscientes dos calendarios dos estudantes, se elaborase un calendario para poder cubrir as épocas dos exames (maio, xuño, decembro e xaneiro).*

*Esta moción foi aprobada por unanimidade cunha emenda de dous puntos que dicía:*

- Estudar as alternativas posibles para garantir un horario estable durante os meses de verán e durante todo o ano, que teña en conta as necesidades durante os períodos de exames, co compromiso de presentar estas alternativas en outono de 2016.*
- Crear un calendario estable de apertura para todo o ano, tendo en conta a problemática dos exames de xuño e decembro.*

*Como todos sabemos, disto nada se fixo, en consecuencia presentamos un prego o 28 de abril de 2017, no que se instaba á alcaldía a que se adoptasen as medidas necesarias para poder por en práctica esta moción.*

*En decembro de 2017 ante a pasividade e pouco interese amosado polo goberno no que se refire á cultura e aos estudantes, presentamos unha nova moción instando ao Pleno da corporación, que con base no calendario de exames, se aumentase o horario da biblioteca central.*

*Unha vez mais e ante os horarios que permanecen inalterables na porta da biblioteca e nos que nada se tivo en conta, nin estudantes, nin exames, nin nada de nada, volvemos traer a día de hoxe unha moción solicitando ampliar o horario da biblioteca central, por terceira vez.*

*Por todo o exposto, presentamos a seguinte:*

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

*O Pleno da corporación insta ao goberno municipal para que a biblioteca central teña durante os períodos de exames, un horario acorde ás demandas dos usuarios buscando as fórmulas necesarias para poder levar a cabo esta ampliación".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 16 de decembro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

#### **Intervencións:**

**Sra. Hermelo Piñeiro:** é a 3ª vez que traemos esta moción. Parécenos importante aunque sexa reiteración. Quedouse en estudar alternativas posibles e presentalas en outono de 2016, con calendario estable para todo o ano. Enumeráranse propostas feitas. É un problema para todos os estudantes no verán e nestas datas. Igual que se soluciona noutros postos. Non entendemos por qué non se fai na biblioteca. Preséntase a seguinte proposta.

**Sra. Vizoso Marcos:** agradece a insistencia do PP de Cangas e os termos en que está redactada a moción, donde se nos recorda a proposta feita e que xa foi aprobada varias veces. Votaremos a favor.

**Sra. Giráldez Santos:** votaremos a favor. Estamos de acordo na necesidade de ampliar os





horarios.

**Sr. Alcalde:** vostedes saben que hai un Plan de axuste. Só podemos contratar a xente previamente xubilada. Non temos RPT e non está fixada a plantilla. Na biblioteca non houbo máis persoal, traballábase máis tempo pero non sei o motivo. Imos apoiar a moción e comprométeme publicamente cara aos seguintes meses a contratar a 1/2 xornada para ampliar o horario. Estas cousas dependen dos servizos técnicos, si permiten realizar contratacións. A RPT está en estudo polos sindicatos. Si damos aprobada a RPT teremos unha plantilla idónea. Ampliarase o que sexa posible.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** agradecemos a todos o apoio á moción.

**Sra. Vizoso Marcos:** estamos de acordo en que se poden buscar solucións. Utilizar programas da deputación para cubrir postos necesarios.

**Sra. Giráldez Santos:** ante a intervención do sr. Alcalde, o persoal dependía do alcalde e o ex-concelleiro de Cultura dimitiu por non solucionar este problema da biblioteca. Recorda que agora hai solución con 1/2 xornada.

**Sr. Alcalde:** dimitiu por inxerencias no seu ámbito, segundo él. No programa de 1º emprego non cambiou nada. Só 4 persoas foron a sitios moi necesarios. Ogallá poderase contratar máis. Durante un período poderase contratar persoal segundo o departamento de Intervención. Pódense cubrir baixas pero non ampliar postos non recollidos na RPT. Non hai máis prazas.

VOTACIÓN E ACORDO:

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción transcrita anteriormente.

#### Expediente 7107/2019. Moción do grupo municipal de AVANTE s/ cumprimento do ROM

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal de AVANTE de data 12.12.2019, referente ao cumprimento do ROM, que é como segue:

*"Moción sobre o debido cumprimento do regulamento orgánico municipal (ROM) do Concello de Cangas*

*O grupo municipal Avante! - Candidatura Veciñal, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, polo Pleno da Corporación a seguinte:*

**MOCIÓN**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*O grupo municipal Avante! - Candidatura Veciñal presentou en pleno no turno de ROGOS e PREGUNTAS, varias preguntas recollidas tamén nas actas dos últimos plenos e son cuestións das que aínda non coñecemos a resposta.*





*Entre outros asuntos, resumo as seguintes:*

Pleno agosto 2019

**Área de Transparencia e Participación Veciñal**

*Na anterior corporación existía un borrador de bases e orzamento suficiente para a licitación e posta en marcha do portal de participación. A actual corporación vai manter esta iniciativa (aproveitamento ou non o borrador existente)?*

**Área de Cultura**

*Cal foi a recadación prevista para as Festas do Cristo do 2019? E o custo estimado? Vai ser maior ou menor o custo das Festas do Cristo do 2019 ao do ano 2018? En que situación queda o orzamento da área de Cultura por culpa do desaxuste das contas do ano 2018? Afecta este desaxuste a outras partidas xa comprometidas ou apalabradas con outros colectivos.*

**Área de Urbanismo**

*¿Vaise activar o Consello Sectorial de Urbanismo? ¿Cando vai ser a seguinte xuntanza? Na oferta presentada pola empresa MONSA Urbanismo na licitación da redacción do PXOM, na 'Memoria e Plan de realización dos traballos' a empresa contemplaba a utilización de aplicacións informáticas interactivas para divulgar o contido do PXOM durante a súa tramitación, para facilitar a navegación e manexo do plan xeral mediante sistemas avanzados de software libre. ¿Vaise esixir á empresa redactora do plan xeral estas ferramentas?*

*¿Vaise esixir o cumprimento de todas e cada unha das melloras presentadas pola empresa redactora, sobre todo no referido ás medidas que garantan a participación e a coordinación de público e entidades cidadás na elaboración e tramitación do plan xeral?*

**Área de Facenda**

*¿Vaise realizar un novo orzamento para o ano 2020? No caso de realizarse o novo orzamento, ¿vai ser participado pola oposición e/ou pola veciñanza?*

Pleno setembro 2019

**Área de Medio Ambiente**

*En que situación se atopa o proxecto do E.N.I.L. 'Punta Balea- As Barreiras- Santa Marta'? Hai data prevista para a presentación de dito proxecto ao pleno para a súa aprobación?*

**Área de Urbanismo**

*En que situación se atopa o proxecto solicitado á subvención do DEPOREMSE? Realizáronse ou vanse realizar modificacións sobre o proxecto inicial?*

**Área de Persoal**

*En que situación se atopa a elaboración da Relación de Postos de Traballo (R.P.T.)? Hai data prevista para a súa aprobación en pleno?*





Pleno outubro 2019

**Área de Obras**

*En agosto de 2018 presentouse no Concello o 'Proxecto de mellora e ampliación do saneamento e dos bombeos na Ría de Aldán, con actuacións en Vilariño e Vilanova'. Confirámabase tamén a existencia de orzamento suficiente, para facer fronte ás actuacións máis urxentes contempladas no proxecto. Máis de un ano despois, cada vez que chove volvemos a ter verquidos e problemas cos pozos de bombeo. ¿Cando se vai licitar e executar o proxecto dos bombeos de Vilariño e de mellora do saneamento para toda a Ría de Aldán?*

Pleno novembro 2019

**Área de Obras**

*Reitérase oralmente a pregunta plantexada no pleno anterior: ¿Ten intención o Concello de licitar o Proxecto do saneamento da Ría de Aldán, para mellorar os bombeos de Vilariño, e actuar no saneamento no Rapallo e Vilanova?*

*Neste último pleno do ano 2019, presentamos a presente moción esixindo o cumprimento do Regulamento Orgánico e de Funcionamento Municipal do Concello de Cangas (ROM), no relativo ás preguntas formuladas en pleno, para que todas estas preguntas sexan respostadas en tempo e forma por parte do goberno municipal.*

*O Regulamento Orgánico e de Funcionamento Municipal do Concello de Cangas (ROM) é o documento que aborda a organización e funcionamento dos órganos de goberno do Concello, para que as actuacións dos mesmos sexan ordenadas e poidan evitar posibles conflitos nas actuacións así como excesivos formalismos. O ROM expón a relevancia de aspectos esenciais e específicos da estrutura da corporación local e permite dar cumprimento aos principios de economía procedemental, celeridade e eficacia nas actuacións administrativas.*

*No artigo 43 do ROM defínese o carácter das intervencións dos membros da Corporación nas sesións plenarias, en no punto 7 establécese:*

*7 Pregunta: é calquera cuestión formulada aos órganos de goberno no seo do Pleno. Poden formular preguntas todos os membros da Corporación, ou os grupos municipais a través dos seus voceiros.*

*As preguntas formuladas oralmente no transcurso dunha sesión serán xeralmente contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta inmediata.*

*As preguntas formuladas por escrito serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta inmediata.*

*As preguntas formuladas por escrito con vinte e catro horas de antelación, serán contestadas ordinariamente na sesión ou, por causas debidamente motivadas, na seguinte'.*

*En definitiva, visto que o que establece o ROM no relativo ás preguntas que son presentadas no pleno non se está a cumprir, propoñemos os seguintes acordos:*





1.- Instar ao goberno municipal a cumprir e facer cumprir o ROM, nomeadamente o establecido para os debates e funcionamento das sesións plenarias.

2.- Instar ao goberno municipal a dar resposta ás cuestións presentadas na exposición de motivos en plenos anteriores e no sucesivo".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal de AVANTE, emitido en data 16 de decembro de 2019 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

**Sra. Vizoso Marcos:** na nosa moción o que traemos é unha recopilación de preguntas que AVANTE ten realizadas nos últimos Plenos e moitas non obtiveron respostas. Para nós é incumprir o ROM. No artigo 43 do ROM indica a regulamentación para formular preguntas e visto que o establece non se cumpre presentamos a moción.

**Sra. Giráldez Santos:** o BNG apoiamos a moción.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** hoxe xa o estamos incumprindo, xa que acordamos que en agosto e decembro non había plenos. O PP apoiamos a moción. O das preguntas que non se responden é repetitivo e reiterativo.

**Sr. Alcalde:** apoiaremos a moción, porque é certo que se está incumprindo o ROM, pero permítanme algunha matización. A estratexia de machucar ao goberno con preguntas continuamente é boicotear un pouco ao goberno, é unha maneira de torpedear a acción do goberno. Si me dedico a contestar preguntas non podo facer outra cousa. Sobre as festas, non se pode responder ata que se acaba o exercicio. Sobre a RPT, está en estudo. Non vai vir a Pleno ata que estea pactada coa representación sindical. Ata agora só hai unha proposta da empresa entregada aos traballadores. Hai moitas dificultades debido aos cambios de concelleiros.

**Sra. Vizoso Marcos:** escoitar que os grupos políticos fagan preguntas non é torpedear ao goberno. Temos que trasladar o que pensamos. Un concelleiro cando rematan as festas sí pode informar en parte de como foron.

**Sra. Portas Mariño:** é a 3º vez que respondo en Pleno e que conste en acta, respondendo ao sr. Hermelo, é imposible traballar sobre un documento que ninguén coñece, é a 3ª vez que o recalco, se refire á participación veciñal. E xa pedín que se me faga chegar polo anterior concelleiro por si quería que traballara sobre ese documento.

**Sra. Vizoso Marcos:** as actas non recollen os rogos e preguntas.

**Sr. Alcalde:** non hai acta porque o secretario está de vacacións.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción transcrita anteriormente.





## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### **Dación de conta de resolucións da alcaldía ditadas desde o 16 de novembro ata o 10 de decembro de 2019**

O Concello Pleno queda informado das resolucións da Alcaldía ditadas desde o 16 de novembro ata o 10 de decembro de 2019.

### **Dación de conta dos informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal**

O Concello Pleno queda informado da relación de informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal, que consta dun total de 31 documentos que se relacionan a continuación:

- Número 2019-0281 de data 04.11.2019
- Número 2019-0282 de data 04.11.2019
- Número 2019-0283 de data 04.11.2019
- Número 2019-0285 de data 07.11.2019
- Número 2019-0286 de data 07.11.2019
- Número 2019-0289 de data 13.11.2019
- Número 2019-0290 de data 13.11.2019
- Número 2019-0291 de data 14.11.2019
- Número 2019-0292 de data 14.11.2019
- Número 2019-0294 de data 18.11.2019
- Número 2019-0295 de data 18.11.2019
- Número 2019-0296 de data 18.11.2019
- Número 2019-0297 de data 18.11.2019
- Número 2019-0298 de data 18.11.2019
- Número 2019-0300 de data 18.11.2019
- Número 2019-0301 de data 18.11.2019
- Número 2019-0302 de data 18.11.2019
- Número 2019-0303 de data 20.11.2019
- Número 2019-0305 de data 20.11.2019
- Número 2019-0306 de data 20.11.2019
- Número 2019-0307 de data 20.11.2019
- Número 2019-0308 de data 20.11.2019
- Número 2019-0310 de data 21.11.2019
- Número 2019-0311 de data 21.11.2019
- Número 2019-0313 de data 25.11.2019
- Número 2019-0314 de data 25.11.2019
- Número 2019-0315 de data 25.11.2019
- Número 2019-0321 de data 28.11.2019
- Número 2019-0322 de data 28.11.2019
- Número 2019-0323 de data 28.11.2019
- Número 2019-0324 de data 28.11.2019





### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

**Sr. Soliño Soliño:** en Coiro, na antiga Escola infantil da Retirosa, co mal tempo, desde o portal ata a escola, hai herba e a xente cae ¿pódese poñer unha beirarrúa ou algo para evitar caídas?

**Sr. Alcalde:** hai un proxecto de actuación para o próximo ano no edificio e no acceso.

**Sra. Vizoso Marco:** ¿solicitáronse subvencións do IDAE para a mellora da iluminación exterior do Concello de Cangas?

**Sr. Alcalde:** sí, está solicitada.

**Sr. Abalo Costa:** está recibida en Madrid e pasou a estudo.

**Sra. Vizoso Marcos:** no proxecto relativo a instalación para uso térmico de biomasa, ¿pode unha entidade local participar con 2 proxectos na mesma convocatoria para unha subvención?

**Sr. Alcalde:** responderase por escrito.

**Sr. Soliño Costas:** desde fai 1 mes un veciño denuncia cunha pancarta unhas obras, que segundo él son ilegais, gustaríame saber a resposta do Concello.

**Sr. Alcalde:** denuncia unha obra colindante, fixéronse os informes técnicos. Esa obra está suxeita a comunicación previa, polo tipo de obra que é, non necesita licenza. O inspector de obras di que se axusta á legalidade. Comunicóuselle á persoa que protesta. Gustaríame solucionalo. Pero si considera que a obra é ilegal debería ir ao xulgado.

**Sr. Fandiño Alberte:** estivemos co arquitecto municipal e indicou que esa obra non está afectada por patrimonio. Fala dunha medianera que non ten que ver co Concello. Foi atendido desde o principio. Non podemos facer máis.

**Sr. Soliño Costas:** sobre as cesións municipais de menos de 25 m cando se solicita licenza para muro ou cierre, antes facíanse cunha acta de comparecencia pública ante o Concello e o solicitante, non era necesario ir á notaría ¿agora cambiou iso, e se esixe a todos escritura pública, por qué?

**Sr. Alcalde:** teremos que recabar os informes técnicos para informalo.

**Sr. Soliño Costas:** sobre a moción do acceso a Punta couso, ¿fíxose algo?

**Sr. Fandiño Alberte:** a solución plantexada sería que se incorporase ao Inventario de Bens. O prazo da empresa é ata o 31 de decembro.

**Sr. Soliño Costas:** en canto a accesibilidade, ¿as obras que se están acometendo neste Concello cumpren coas normas de accesibilidade, é dicir, ancho, medidas, pendentes mínimas, etc. por exemplo en Nazaret?

**Sr. Alcalde:** son cuestións técnicas e estase facendo de acordo coa normativa. As obras de Nazaret trátanse dunha reposición. Vou trasladar a pregunta á dirección da obra.





**Sr. Soliño Costas:** a rúa A Paz está chea de buratos e a xente está caendo, unha empresa eléctrica fixo obras por alí, hai que buscarlle unha solución.

**Sr. Alcalde:** a rúa A Paz é unha das que se vai actuar. Necesita unha actuación mais profunda.

**Sra. Giráldez Santos:** hai unha instalación nova na Granxa da Rúa, ¿avaliouse o impacto? ¿falouse coa Escola Taller e coa veciñanza? ¿hai proxecto?

**Sr. Alcalde:** o proxecto é da arquitecta do Pepri. Está dentro da finca e non hai veciños o redor, está ao lado de instalacións do Concello, é unha nave para os vehículos de protección civil. Trasladarase o proxecto por escrito.

**Sra. Giráldez Santos:** pedimos resposta por escrito de por qué se cambiou de destino a subvención do proxecto rúa Atenas-Verin para o proxecto de iluminación do Pavillón do Gatañal. Quedouse de trasladar a resposta por escrito e queremos que fora así.

**Sr. Alcalde:** trasladareillo á Concellería de Obras para que respondan por escrito. A Deputación non deu prórroga e tivemos que cambiar a subvención para proxectos máis pequenos cunha licitación moito máis curta. Ese proxecto se executará máis adiante e é de asfaltado.

**Sra. Giráldez Santos:** hai un rogo que era que se colocara na web o informe de xestión da anterior Concellería de Obras e Servizos sobre a lexislatura 2015-19, para que se faga público.

**Sr. Alcalde:** vou ordear á Secretaría que se poña na web ese informe.

**Sra. Portas Mariño:** hai varios colocados.

**Sra. Giráldez Santos:** publicouse no BOP as bases dunha convocatoria dunha praza de técnico de turismo, xa que a técnica está de baixa e xa hai varios meses que se sabe, mentres non se cubre ¿qué se vai facer?

**Sr. Alcalde:** responderei por escrito.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

